

## **O Partido Socialista refórzase na comarca da Ulloa, apostando por Horacio Rouco como candidato á alcaldía de Palas de Rei**

O alcaldable encabeza a candidatura coa que o PSOE deste municipio concorre ás eleccións do vindeiro mes maio, e que cuxa renovación ascende ao 56%, pois dos 16 integrantes, 9 son incorporación novas

Arroupado pola dirección do Partido na provincia, concretamente polos secretarios Provincial e de Organización –Juan Carlos González Santín e Carlos Ferreiro-, recoñece que asume o reto “con máis ilusión ca nunca, pois os veciños e veciñas de Palas son os que realmente están a pagar as consecuencias dos gobernos do Partido Popular”

Como principais compromisos programáticos destaca a creación de emprego con políticas que permitan o asentamento de empresas no municipio, así como a baixada do IBI e unha achega de 150 euros para material escolar por cada alumno escolarizado no municipio, ademais “dun plan de captación de talento xuvenil, ou sexa, pagarémoslle a matrícula universitaria aos dez mellores expedientes”

**PALAS DE REI, 29 DE ABRIL DE 2015.-** O Partido Socialista refórzase na comarca da Ulloa con Horacio Rouco como candidato á alcaldía de Palas de Rei. Neste senso, Rouco encabeza a candidatura coa que o PSOE deste municipio concorre ás eleccións do vindeiro mes maio, e que cuxa renovación ascende ao 56%, pois dos 16 integrantes, 9 son incorporación novas.

A este respecto, Rouco, arroupado pola dirección do Partido na provincia, concretamente polos secretarios Provincial e de Organización –Juan Carlos González Santín e Carlos Ferreiro-, recoñece que asume o reto “con máis ilusión ca nunca, pois os veciños e veciñas de Palas son os que realmente están a pagar as consecuencias dos gobernos do Partido Popular”.

“Perdéronse varios ciclos de FP; hoxe pagamos máis ca nunca polo IBI; os accesos a moitas aldeas e parroquias non son estradas, senón corredeiras; os gandeiros están desprotexidos polo abandono das distintas administracións do PP; temos menos médicos e, por riba, a imaxe do concello está totalmente deteriorada debido a que o actual goberno só fai estar metido en pleitos; pleitos que, por certo, pagamos todos”, denuncia o candidato.

Por iso, defende o alcaldable, “hai dous camiños: o de continuar como estamos e, por tanto, que en vez de ir a mellor, vaíamos cada vez a peor ou, pola contra, dar un paso adiante para que a partires do 24 de maio os traballadores, as familias, as empresas, os gandeiros e os mozos poidan ten un futuro mellor e prometedor”.

### **“Proxecto gañador”**

O secretario Provincial recoñece sentirse “satisfeito” polo proxecto que lidera Horacio Rouco, pois é “transparente, participativo e dará voz a toda a cidadanía”. Encarna, en definitiva, a mesma filosofía que o candidato aplica, indica Santín, á secretaría de Medio Rural, que é “traballar con rigor e con fundamento”. “Estou convencido que co compañeiro Horacio, este concello recuperará a senda do progreso, pois capitanea un proxecto serio, gañador, realista e con propostas executables”, sinala o dirixente provincial.

### **Compromisos programáticos**

O candidato asegura que o seu goberno municipal potenciará os servizos públicos, promoverá a creación de emprego e estará ao carón dos veciños con máis dificultades, ofrecéndolle máis políticas sociais “sólidas e eficaces”.

“A creación de postos de traballo, a proximidade, a transparencia e a participación son os sinais de identidade dunhas propostas programáticas coas que os socialistas concorreremos a uns comicios vitais para garantir o benestar e o progreso dos nosos veciños”, sinala Rouco. E é que “a xestión municipal require da máxima proximidade cos nosos veciños e veciñas para detectar a súas necesidades máis directas e para responder a elas con inmediatez”, afirma.

Neste senso, como principais compromisos programáticos destaca a creación de emprego con políticas que permitan o asentamento de empresas no municipio, así como a baixada do IBI e unha achega de 150 euros para material escolar por cada alumno escolarizado no municipio, ademais “dun plan de captación de talento xuvenil, ou sexa, pagarémolle a matrícula universitaria aos dez mellores expedientes”.

### **Candidatura ao completo**

Horacio Rouco lidera unha candidatura constituída por equipo novo e renovado. Conta, ademais, cunha ampla representación de colectivos sociais e veciñais da localidade. A candidatura ao completo é a seguinte:

- 1.- Horacio Rouco Ferro. Empregado público.
- 2.- Ángela Pérez Vázquez. Enfermeira no centro de saúde de Palas de Rei.
- 3.- José Sabino Prieto Vázquez. Empregado público.
- 4.- José Ramón López Bruzos. Profesor de instituto.
- 5.- Noelia Vázquez Paredes. Asalariada.
- 6.- María Villar Mato. Asalariada.
- 7.- Juan Bautista Rodríguez Santiso. Asalariado.
- 8.- José Manuel Cea García. Gandeiro.
- 9.- Marcos Quiroga García. Asalariado.
- 10.- Teresa Castiñeira Vizcaíno. Asalariado.
- 11.- Azucena Pérez Souto. Autónoma.

### **Suplentes:**

- 1.- Pablo Sánchez Aria. Gandeiro.
- 2.- Isabel Cea Cea. Veterinaria.
- 3.- José Manuel García Miguélez. Empregado.
- 4.- José Antonio Cebal Varela. Asalariado.
- 5.- María Cruz Fernández Cebal. Enfermeira.